



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística Contrastiva Aplicada á Lingua Inglesa

Materia	Lingüística Contrastiva Aplicada á Lingua Inglesa			
Código	V01M121V01204			
Titulación	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Rama Martínez, María Esperanza			
Profesorado	Rama Martínez, María Esperanza Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	erama@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Introdución xeral á lingüística contrastiva aplicada á lingua inglesa: principios básicos que sustentan a lingüística contrastiva, tanto teórica como aplicada), breve revisión da historia do campo de estudo, metodoloxía da comparación inter- e intra-lingüística, o uso da lingüística de corpus para os estudos contrastivos, e as aplicacións prácticas dos estudos contrastivos.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Capacidade para utilizar unha terminoloxía lingüística rigorosa así como unha notación adecuada.
A2	Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A3	Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
B1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B2	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses.
B3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B4	Capacidade para elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, artigos científicos e formular hipóteses razoables.
B5	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B6	Habilidades para ser capaz de construír e utilizar ferramentas operativas que recollan información significativa e precisa para a mellora das aprendizaxes nos Estudos Ingleses.
B7	Habilidade para traballar e continuar a aprendizaxe de forma autónoma e autodirixida.
B8	Habilidades para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses.
B9	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B10	Apreciación da diversidade e multiculturalidade no contexto dos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.
B11	Capacidade para traballar en equipo, cooperativo e compartido, fomentando a tolerancia e a aprendizaxe colaborativo.
B12	Habilidades para fomentar e garantir o respecto aos Dereitos Humanos e aos principios de accesibilidade universal, igualdade, non discriminación e os valores democráticos e da cultura da paz.
B13	Capacidade de fomentar os aspectos sicosociolóxicos e interpersoais relativos á igualdade de xéneros e culturas.

B14	Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B15	Desenvolvemento da capacidade comunicativa no ámbito académico.
B16	Capacidade crítica e de síntese do estudante mediante a lectura e revisión de artigos especializados.
B17	Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B18	Capacidade para obter información sobre a investigación máis recente que se está levando a cabo dentro do ámbito dos Estudos Ingleses, tanto en lingüística como en literatura e cultura.
B19	Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.
B20	Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Reflexionar sobre a natureza da investigación contrastiva e sobre as cuestións terminolóxicas relacionadas co eido de estudo.	A1	B1 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B17
Familiarizarse coa evolución da lingüística contrastiva dende a súa dependencia do eido da Adquisición de Segundas Linguas ata a aparición dos estudos contrastivos baseados en corpus.	A2	B1 B16 B18
Explorar os novos desenvolvementos da análise contrastiva trascendendo os niveis da cláusula/oración (análise do discurso contrastivo, pragmática contrastiva, sociolingüística contrastiva).	A1 A2 A3	B2 B4 B5 B7 B8 B9 B14 B15 B16 B17 B18 B19 B20
Reflexionar sobre a forma en que a análise de datos procedentes de diferentes linguas pode contribuir a un maior perfeccionamento das teorías lingüísticas.	A3	B1 B2 B4 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18
Reflexionar sobre o modo en que as recentes ferramentas analíticas e as categorías de diferentes modelos lingüísticos poden contribuir á investigación comparativa.	A2 A3	B2 B3 B6 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19

Familiarizar ao alumnado coas interaccións entre a análise contrastiva e a investigación cualitativa baseada en corpus, as técnicas cuantitativas avanzadas de corpus, e a investigación sicolingüística experimental.	A3	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B17 B19 B20
Reflexionar sobre os retos e problemas sen resolver dentro do eido da Lingüística Contrastiva.	A2	B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16

Contidos

Tema	
1. A brief history of contrastive linguistics	
2. Concepts and principles	2.1. Terminological issues 2.2. Basic principles of theoretical and applied contrastive linguistics
3. Types of studies	3.1. Types of contrastive studies 3.2. Methodology of inter- and intra-linguistic comparison
4. Contrastive linguistics and corpus linguistics	
5. Practical applications of contrastive studies	5.1. Translation studies 5.2. Foreign language acquisition and teaching 5.3. Lexicography

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5.5	10	15.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	5.5	20	25.5
Traballos tutelados	1	20	21
Prácticas autónomas a través de TIC	0	7	7
Actividades introdutorias	2	4	6
Observación sistemática	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte das profesoras dos contidos teóricos da materia seguindo o temario.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución individual ou en grupos de problemas, exercicios prácticos e/ou actividades de lingüística contrastiva dirixidos aplicando as técnicas expostas na lección maxistral. Son un complemento das sesións maxistrais.
Traballos tutelados	Realización de traballos escritos individuais supervisados e presentación oral dos mesmos na aula.
Prácticas autónomas a través de TIC	Desenvolvemento de forma autónoma a través das TIC de exercicios/problemas ou outras actividades prácticas de lingüística contrastiva baseadas nas explicacións teóricas. Directrices da realización dos traballos tutelados e/ou de calquera actividade de lingüística contrastiva.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, a presentar a materia (obxectivos, contidos e sistema de avaliación), así como a presentar unha visión panorámica do eido da lingüística contrastiva dende a súa orixe ata a actualidade.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos tutelados	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención persoalizada tanto para a realización dos traballos tutelados, como para a realización de calquera actividade, incluíndo as virtuais. Nas clases presenciais a atención será en grupo completo, dividido ou individual segundo o requira a actividade en curso. As dúbidas que xurdan fóra da aula serán atendidas ben en modalidade presencial no despacho das profesoras durante o horario de titorías, ou en modalidade virtual a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia. Nas titorías de preparación e redacción do traballo, a atención será persoal ben a través de internet ou no despacho. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías no despacho. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico. En todo caso a atención persoalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co desenvolvemento da materia e co proceso de aprendizaxe, proporcionándolle orientación, apoio e motivación.
---------------------	---

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de exercicios, problemas ou actividades que as profesoras soliciten realizar dentro ou fóra da aula. No caso de que se solicite entregar unha actividade, a non entrega da mesma en tempo e forma puntuará como cero.	20
Traballos tutelados	A realización autónoma dun traballo escrito coa súa correspondente presentación oral en clase, para a cal se recomenda o uso dun powerpoint. O traballo escrito deberá cumprir co formato, estrutura, corrección gramatical e estilo propios dun traballo académico.	50
Prácticas autónomas a través de TIC	Grao de desenvolvemento das actividades autónomas nas TIC. A non realización dunha actividade en tempo e forma puntuará como cero.	10
Observación sistemática	O alumnado tamén será avaliado en base aos datos e evidencias que as profesoras recompilen sobre a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios, reflexión e preguntas ao fío das explicacións e realización das actividades encomendadas.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

É requisito indispensable para aprobar a asignatura asistir a tódalas sesións presenciais e obter alomenos un 5 (sobre 10) no traballo escrito. No caso de obter unha nota inferior a un 5 no traballo escrito, a/o alumna/o terá a oportunidade de refacer o traballo segundo as instrucións que reciba ao respecto e presentalo para a súa nova avaliación na segunda convocatoria en xullo. O traballo será avaliado conxuntamente polas dúas profesoras.

Bibliografía. Fontes de información

NOTA:

Ao comezo do curso as profesoras recomendarán unha selección de fontes de bibliografía de entre as seguintes. A seguinte listaxe é susceptible de ser ampliada ao comezo do curso.

Baker, M. 1993. [Corpus linguistics and translation studies: Implications and applications]. In M. Baker, G. Francis & E. Tognini-Bonelli (eds.), *Text and Technology. In Honour of John Sinclair*. Amsterdam; Philadelphia: John Benjamins. 233-252.

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia.

O alumnado deberá consultar a plataforma de axuda á docencia (www.faitic.uvigo.es) con asiduidade e, en calquera caso, sempre antes das sesións presenciais, xa que moitos dos materiais utilizados nas clases serán colgados nesa plataforma con antelación.

Durante as clases, o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (iPhone, Blackberry, tableta, PDA ou similares) nin computadores, a non ser que a(s) docente(s) permitan ou requiran a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de copyright, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados polos docentes na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.